ACTA DA 3ª SESIÓN (PROBA PRÁCTICA) DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA" 1ª QUENDA 2018, PARA AUX. ADMINISTRATIVO, AUX. DELINEACIÓN, AUX. TOPÓGRAFO E TÉCNICO FP PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

En Vigo, sendo as 08.00 horas do día 22 de marzo do 2018, reúnese nas instalacións do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo, a comisión de selección de Aux. Administrativo, Aux. Delineación, Aux. Topógrafo e Técnico FP Prevención de Riscos Laborais, quedando constituído coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente	Francisco J. Gutierrez Orúe	Funcionario	A2	Xefe servizo
Suplente	Rosa Mª Otero Malvárez	Funcionario	C1	Administrativa
Secretario/a	Carla Candia Paz	Funcionario	A1	Tec. Admon. Xeral
Vogais	Laura Amez Muras	Funcionario	C1	Administrativo
	Marta Nuñez Aboy	Funcionario	A2	Tec. Actividades Culturais
	Jose María Raposo Aguiar	Funcionario	C1	Administrativo

A realización das probas prácticas efectuarase na seguinte orde:

- 8:30h: auxiliar administrativo
- 10:00h: auxiliar topógrafo
- 11:30h: auxiliar delineante
- 12:30h: técnico FP Prevención de Riscos Laborais

Para a realización das devanditas probas prácticas o órgano de selección conta cos seguintes asesores especialistas na materia:

- Carlos Juncal Gil
- Jesús Saavedra Rodríguez
- José Antonio Muíños Acuña

Existindo quorum, procédese á apertura da sesión polo Sr. Presidente, Francisco J. Gutiérrez Orúe, que indica que terá que ausentarse ás 9:40h, sendo substituído pola súa suplente dona Rosa Mª Otero Malvárez.

-**AUXILIAR ADMINISTRATIVO**:

A continuación, procédese á preparación da proba práctica de informática a realizar polos aspirantes aos postos de auxiliares administrativos.
Unha vez rematados os preparativos, o presidente informa aos aspirantes dos termos en que se desenvolverá a proba, que consiste en reproducir nun tempo máximo dunha hora un modelo de documento, do que se lles fai entrega en papel, seguindo as instrucións que o acompañan.

Sendo as 8:55h, o presidente dá comezo á proba, finalizando ás 9:55h.

O presidente abandona a sesión ás 9:40h, sendo substituído pola suplente polo resto da xornada. Os ficheiros con cada un dos exercicios realizados polos aspirantes, son gardados nun pen-drive co seu nome a apelidos para proceder á súa corrección e para a súa custodia e incorporación á presente acta.

Unha vez efectuada a corrección dos exercicios por parte do tribunal, os aspirantes, dun máximo de 4 puntos, acadan as seguintes puntuacións:

- FERNÁNDEZ ANTONIO, TANIA: 2,38
- GONZALO PINO, FRACISCO JAVIER: 2,092
- JUSTO MARTINS, ALBA: 2,452
- PÉREZ SIMÓN, PABLO: 3,9

- **AUXILIAR TOPÓGRAFO:**

De seguido, procédese á realización da proba práctica por parte do único aspirante ao posto de auxiliar topógrafo, contando coa asistencia de don Jesús Saavedra Rodríguez como especialista na materia, consistente na realización dos seguintes exercicios:

1. Estacionar o aparato de topografía.
2. Medir a distancia existente entre os dous pilares do portal de entrada á nave.
3. Realizar un croquis do exterior da nave do Parque Central.
4. Efectuar o cálculo dos datos obtidos.

Unha vez rematada a proba, o aspirante entrega o exercicio, composto de tres folios coas anotacións dos datos obtidos, o croquis realizado e os cálculos efectuados, que se xunta á presente acta, procedéndose á corrección do mesmo e acadando a seguinte puntuación:

- AMOSA SERTO, SANTIAGO: 3

- **AUXILIAR DELINEANTE:**

A comisión, procede, de seguido, á realización da proba práctica do posto de auxiliar delineante, contando coa asistencia de don José Antonio Muíños Acuña como especialista na materia, consistente na realización nun tempo máximo dunha hora (1 hora) do seguinte exercicio:

1. Realizar un diseño nun colexio dunha zona de aseos, de nenos, nenas, cuarto de limpeza e de discapacitados. Entrégase un plano de planta e sección do local e un impreso cos datos técnicos.

2. Medición das partidas de obra

Por causa dunha incidencia técnica, non foi posible utilizar un dos equipos informáticos previstos para a proba, polo que foi preciso realizar o exercicio dun aspirante a continuación do outro, decidindo que se procedería por orde alfabética.

Os ficheiros con cada un dos exercicios realizados polos aspirantes, son gardados nun pen-drive co seu nome a apelidos para proceder á súa corrección e para a súa custodia e incorporación á presente acta.

Unha vez efectuada a corrección dos exercicios por parte do tribunal, os aspirantes, dun máximo de 4 puntos, acadan as seguintes puntuacións:

- CAMPO COSTAS, DAVID: 3,425
- DOMÍNGUEZ MARTIN, ROSA MARÍA: 3,175

- **TÉCNICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS:**

A comisión, procede, de seguido, á realización da proba práctica do posto de técnico en prevención de riscos laborais, contando coa asistencia de don José Antonio Muíños Acuña como especialista na materia, consistente na realización nun tempo máximo dunha hora (1 hora) dun exercicio consistente en identificar e verificar o nivel de seguridade e saúde nunha serie de fotografías sobre distintas situacións de traballo, así como de propoñer as medidas a adoptar en atención ás deficiencias observadas.

Unha vez rematada a proba, a comisión dá comezo á corrección dos exercicios realizados polos aspirantes, acadando, dun máximo de 4 puntos, as seguintes puntuacións:

- LEMOS BADÍA, JAVIER: 3,20
- MARTIN BARCIELA, PAULA: 3

Dacordo cos resultados obtidos, relaciónase finalmente a puntuación total das persoas candidatas que superaron a nota mínima esixida na proba escrita e na proba práctica correspondente, en orden descendente de puntuación, de xeito que aparezan primeiro as persoas seleccionadas no proceso de selección e a continuación as persoas suplentes co seu número de orde:

AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Nº	DNI	APELIDOS, NOME	Nº EXP	NOTA BAREM.	NOTA PROBA ESCRITA	NOTA PROBA PRÁCTICA	TOTAL
1º	*****794A	PEREZ SIMON, PABLO	AD04	1,20	1,033	3,90	6,133
2º	*****006T	GONZALEZ PINO, FRANCISCO JAVIER	AD02	0,40	1,501	2,092	3,993

SUPLENTES

3º	*****471Y	FERNÁDEZ ANTONIO, TANIA	AD03	0,4	1,195	2,38	3,975
4º	*****138G	JUSTO MARTINS, ALBA	AD05	0,00	1,393	2,452	3,845

AUXILIAR TOPÓGRAFO

Nº	DNI	APELIDOS, NOME	Nº EXP	NOTA BAREM.	NOTA PROBA ESCRITA	NOTA PROBA PRÁCTICA	TOTAL
1º	*****471Y	AMOSA SERTO, SANTIAGO	T02	0,00	1,098	3	3,098

AUXILIAR DELINEANTE

Nº	DNI	APELIDOS, NOME	Nº EXP	NOTA BAREM.	NOTA PROBA ESCRITA	NOTA PROBA PRÁCTICA	TOTAL
1º	*****554Q	DOMINGUEZ MARTIN, ROSA Mª	D01	0,40	1,364	3,175	4,939
SUPLENTE							
2º	*****312P	CAMPOS COSTAS, DAVID	D02	0,00	1,423	3,425	4,848

TÉCNICO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Nº	DNI	APELIDOS, NOME	Nº EXP	NOTA BAREM.	NOTA PROBA ESCRITA	NOTA PROBA PRÁCTICA	TOTAL
1º	*****748C	LEMOS BADÍA, JAVIER	PRL02	0,70	1,716	3,20	5,616
SUPLENTE							
2º	*****777K	MARTIN BARCIELA, PAULA	PRL01	0,60	1,557	3	5,157

E sen máis asuntos que tratar, sendo ás 14.30 horas, dáse por rematada a sesión do órgano de selección.

A Presidenta do órgano de selección
Rosa Mª Otero Malvárez

A secretaria
Carla Candia Paz

Vogais
Marta Núñez Aboy
Laura Amez Muras
José María Raposo Aguiar